



Guía Docente

| Datos Identificativos | | | | | 2012/13 |
|-----------------------|---|--------------------|--------------------|-----------|---------|
| Asignatura (*) | Traballo de Fin de Grao | | Código | 652G03041 | |
| Titulación | | | | | |
| Descritores | | | | | |
| Ciclo | Período | Curso | Tipo | Créditos | |
| Grao | 2º cuatrimestre | Cuarto | Obrigatoria | 6 | |
| Idioma | Galego | | | | |
| Prerrequisitos | 1. Para matricularse no Traballo de Fin de Grao é necesario ter superados 180 créditos, incluídos todos os da primeira metade do Plan de Estudos (todas as materias de 1º e 2º curso). 2. Para defender o Traballo de Fin de Grao é necesario ter superadas todas as materias do Plan de Estudos, e mais ter o informe favorable da dirección académica do mesmo. | | | | |
| Departamento | | | | | |
| Coordinación | Mendez Garcia, Rosa Maria | Correo electrónico | rosa.mendez@udc.es | | |
| Profesorado | | Correo electrónico | | | |
| Web | | | | | |
| Descrición xeral | <p>O Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao na Facultade de Ciencias da Educación, establece que o TFG debe reflectir as competencias específicas do Practicum, así como as propias do resto de materias do grao.</p> <p>O TFG supón a realización, por parte de cada estudante e de forma individual, dun proxecto, unha memoria ou un estudo concreto baixo a supervisión da dirección académica asignada.</p> <p>Neste traballo deben integrarse e desenvolverse os contidos formativos recibidos, así como as capacidades, competencias e habilidades adquiridas durante o período de docencia do grao, e en concreto: a capacidade para a búsqueda, xestión, organización e interpretación de datos relevantes- da súa área de estudo- co obxecto de emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica, tecnolóxica ou ética, e facilitar o desenvolvemento dun pensamento e xuízo crítico, lóxico e creativo.</p> <p>Trátase dunha materia de 6 créditos, o que se corresponde con 150 horas de traballo para o alumnado.</p> <p>Dadas as características da materia a porcentaxe do horas de traballo presencial será acordada en última instancia pola persoa/s encargada/s de dirixir o Traballo de Fin de Grao, establecéndose como obrigatorio que cada alumno/a realice polo menos tres titorías presenciais.</p> | | | | |

Competencias da titulación

| Código | Competencias da titulación |
|--------|----------------------------|
|--------|----------------------------|

Resultados da aprendizaxe

| Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe) | Competencias da titulación |
|---|----------------------------|
|---|----------------------------|



| | | | |
|---|-----|----|----|
| Capacidade para indagar e producir coñecemento nun determinado campo. | A1 | B1 | C1 |
| | A2 | B2 | C2 |
| | A3 | B3 | C3 |
| | A4 | B4 | C4 |
| | A5 | B5 | C5 |
| | A6 | B6 | C6 |
| | A7 | | C7 |
| | A8 | | C8 |
| | A9 | | |
| | A10 | | |
| | A11 | | |
| | A12 | | |
| | A13 | | |
| | A14 | | |
| | A15 | | |
| | A16 | | |
| | A17 | | |
| | A18 | | |
| | A19 | | |
| | A20 | | |
| | A21 | | |
| | A22 | | |
| Capacidade para comunicar o coñecemento adquirido a unha audiencia. | A1 | B1 | C1 |
| | A2 | B2 | C2 |
| | A3 | B3 | C3 |
| | A4 | B4 | C4 |
| | A5 | B5 | C5 |
| | A6 | B6 | C6 |
| | A7 | | C7 |
| | A8 | | C8 |
| | A9 | | |
| | A10 | | |
| | A11 | | |
| | A12 | | |
| | A13 | | |
| | A14 | | |
| | A15 | | |
| | A16 | | |
| | A17 | | |
| | A18 | | |
| | A20 | | |
| | A21 | | |
| | A22 | | |

| Contidos | |
|----------|----------|
| Temas | Subtemas |



| | |
|---|---|
| <p>Procedemento para a elección de temas:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Ata o 30 de setembro: proposta por parte dos Departamentos dos temas ou as liñas dos TFG e os directores. 2. Ata o 30 de outubro: a comisión de titulación aprobará e fará pública unha listaxe cos temas, así como co número de estudantes que poden escoller cada tema e os criterios de asignación. 3. Os períodos de solicitude de temas por parte do estudantado, por orde de preferéncia dun número mínimo de tres temas ou liñas son: <ul style="list-style-type: none"> - Antes do 30 de novembro (para alumnado matriculado no período ordinario de matrícula). - Antes do 30 de marzo (para alumnado matriculado no período de ampliación de matrícula). - Antes do 15 de outubro (para alumnado que só teña pendente o TFG e queira examinarse nas oportunidades de xaneiro e/ou xuño). 4. Listaxe provisoria. 5. Período de reclamación. 6. Listaxe definitiva. | <p>O alumnado terá que seleccionar. cando menos, tres temáticas por orden de preferéncia mediante o impreso dispoñible a tal efecto, dentro dos prazos que se notificarán en tempo.</p> <p>No caso de haber máis solicitudes que prazos o criterio de asignación será o expediente académico dos tres primeiros cursos.</p> |
|---|---|

| Planificación | | | |
|------------------------|-------------------|---|--------------|
| Metodoloxías / probas | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
| Presentación oral | 1 | 9 | 10 |
| Traballos tutelados | 0 | 120 | 120 |
| Atención personalizada | 20 | 0 | 20 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

| Metodoloxías | |
|-------------------|--|
| Metodoloxías | Descrición |
| Presentación oral | <p>SOLICITUDE DE DEFENSA:</p> <p>Unha vez finalizado o proceso de elaboración do TFG, e unha vez obtido o informe favorable do director/a do mesmo, o alumnado terá que presentar, no prazo e lugar establecido polo centro, 3 exemplares en papel do seu TFG e un en formato dixital, así coma o impreso de solicitude de avaliación.</p> <p>DEFENSA:</p> <p>Unha vez que se faga pública a convocatoria do tribunal, o alumnado debe presentarse á hora indicada e agardar a ser chamado polo secretario/a do mesmo.</p> <p>Para a defensa deberá acudir cun documento identificativo (DNI ou Pasaporte), e o resto de documentos que se soliciten, se é o caso.</p> <p>Para a exposición, que será pública, disporá dun tempo de 15 minutos e o tribunal disporá de 15 minutos para realizar as preguntas que estimen oportunas e debatir co alumno/a.</p> <p>O alumnado poderá utilizar canto material sexa preciso para exposición.</p> |



| | |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | <p>O alumnado realizara o TFG baixo a supervisión e guía da súa dirección académica.</p> <p>A dirección será responsable de expoñerlle ao estudiantado as características do traballo, e orientalo no seu desenvolvemento. Realizará un seguimento da elaboración do TFG e velará polo cumprimento dos obxectivos fixados. Unha vez finalizada a elaboración autorizar a presentación e defensa do TFG.</p> <p>As modalidades do TFG que poderán realizar o alumnado son algunha das seguintes:</p> <p>A. Traballos experimentais ou non experimentais de ámbito científico relacionados con calquera das temáticas propias da titulación de Grao.</p> <p>B. Traballos de revisión e investigación bibliográfica centrados en algún dos diferentes campos da titulación de Grao.</p> <p>C. Traballos de revisión, protocolos e obxectos de funcionamento vinculados a algún dos diferentes campos da titulación de Grao.</p> <p>D. Traballos de intervención (aplicación práctica) relacionados coa titulación de Grao.</p> <p>E. Traballos experimentais ou non, como resultado da experiencia en prácticas externas, en outras institucións relacionadas coa titulación de Grao.</p> <p>F. Exposición e presentación de modelos de utilidade patentados ou non, deseñados polo alumno/a e con relación cos contidos da titulación de Grao.</p> |
|---------------------|--|

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---------------------|--|
| Traballos tutelados | Unha vez publicada a listaxe definitiva de asignación de temáticas e dirección académica, o alumnado terá que poñerse en contacto coa súa dirección académica nun prazo máximo de dez días naturais. |

Avaliación

| Metodoloxías | Descrición | Cualificación |
|---------------------|---|---------------|
| Traballos tutelados | Avaliación continua a través do seguimento do alumno/a por parte da súa dirección académica. | 50 |
| Presentación oral | Avaliación global emitida polo tribunal sobre o proceso de aprendizaxe e adquisición de competencias reflexadas tanto no traballo tutelado, como a través da exposición e defensa do mesmo. | 50 |

Observacións avaliación



Para superar o Traballo de Fin de Grao será necesario superar os dous elementos da avaliación: traballos tutelados e presentación oral.

A superación da parte da avaliación correspondente ao traballo tutelado é condición indispensable para poder presentar e defender oralmente o mesmo.

Enténdese que a parte de traballo tutelado está superada, e este pode ser presentado e defendido ante un tribunal cando se conta co informe favorable da dirección académica do mesmo, que debe incluír unha cualificación numérica mínima de 5 (nunha escala do 1 ao 10).

A superación da parte da presentación oral implica que o tribunal emita unha cualificación numérica mínima de 5 (nunha escala do 1 ao 10).

A cualificación final será a media entre a cualificación emitida pola dirección académica do traballo e a emitida polo tribunal.

No caso de non contar co informe favorable da dirección académica do traballo, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO.

No caso de non realizar a presentación e defensa oral do traballo, tendo o informe favorable da dirección académica, a cualificación recibida será a de NON PRESENTADO

No caso de non superar a parte da presentación e defensa oral do traballo, a cualificación recibida será a emitida polo tribunal.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Segundo a Regulamento para a elaboración do Traballo de Fin de Grao a cualificación outorgarase en función da seguinte escala numérica establecida no Real Decreto 1125/20037 de 0 a 10, con expresión dun decimal, a que terá que engadírselle a correspondente cualificación cualitativa:

a) 0-4,9 suspenso

b) 5,0-6,9 aprobado

c) 7,0-8,9 notable

d) 9,0-10 sobresaliente

Fontes de información

Bibliografía básica

Bibliografía complementaria

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións



(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías